

TAREFA SEMANAL DO 3 AO 7 DE MAIO

LUNS

1. Teño 345 revistas de deportes. Cantas me faltan para ter 589 revistas de deportes?
2. Tes no teu peto una moeda de dous euros, dúas de 50 céntimos e una de 20 céntimos. Debuxa as moedas e billetes que faltan para ter 4 euros (=400 cent).

MARTES

1. Ditado ou copia:
Esta fin de semana fixo moi bo tempo e puidemos ir ao campo, sempre coa máscara posta, a xogar a escoitar paxariños. Pareceunos escoitar alguna cría con moita fame. Quería un vermiño fresco!
2. Separa a seguinte oración correctamente.
Estasemanaconvertirémonosenpoetas.

MÉRCORES

1. Se tes setecentas noventa e nove mazás e comes nove, cantas mazás che quedan?
2. Coloca as seguintes operacións e calcula

$$875+35$$

$$511 \times 6$$

$$231-98$$

XOVES

1. Ditado ou copia:

Este curso os nenos e nenas de segundo estamos a estudar as plantas, ademáis das súas características, aprendemos que son indispensables para a vida no planeta Terra. Debemos coidar dende a máis pequena ata a máis grande. Non pises o céspede!

2. Escribe unha oración que conteña as palabras:
planta - flor - insecto

VENRES

1. Paula ten 345 contos e leu cento noventa e dous. Cantos contos lle quedan por ler?
2. Conta de 20 en 20 desde 300 ata 500.